

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2024/16

DATA: xoves 31 de outubro de 2024

LUGAR: SALON DE PLENOS DO CONCELLO

HORA DE COMEZO: 20:03 h

HORA DE REMATE: 23:22 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

ASISTEN

PP

JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
RAMÓN VICENTE VICENTE
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
ANTONIO ISORNA VICENTE

Rianxo en Común

JULIO ALCALDE HERMO
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ

PSOE

OSCAR RIAL LAGO
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA NÚÑEZ
MARIA ELENA OTERO OTERO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA incorpórase a sesión as 20:41 h. no punto 7º da orden do día

BNG

SARELA BETANZOS FREIRE
FRANCISCO REY GRILLE

AUSENTES

PP

ALICIA CAROU ROMERO

Rianxo en Común

ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO

O Señor alcalde antes de iniciar a sesión di que se garda un minuto de silencio polas vítimas da Dana en Valencia.

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 14/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 26/09/2024
2. NOMEAMENTO SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE RIANXO
3. APROBACIÓN INICIAL: REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO (EXPEDIENTE 2024/G013/000006)
4. ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS "VIVENDAS DOS MESTRES" DO CONCELLO DE RIANXO
5. APROBAR PROVISIONALMENTE A IMPOSICIÓN DA TAXA POLA CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E A ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14 REGULADORA DA TAXA POLA CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL,

PARTE DE CONTROL

6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
7. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: MODIFICACIÓN DO CALENDARIO FISCAL E O ESTUDO DO IMPACTO DO IBI NOS TRIBUTOS MUNICIPAIS
9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: INSTAR Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA Á CREACIÓN DUNHA CIRCUNVALACIÓN QUE UNA A DP 7201 COA DP 3301 A ALTURA DA ALDEA DAS CORTES (PEDREIRA)E INICIAR UNHA MESA DE TRABALLOS TÉCNICOS.
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS E A ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAIS DE SUBVENCIÓNS DA AY
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2025 E A DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT)
12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: IMPULSO DUN PROXECTO ESTRATÉXICO DE

DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN RIA

13. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000016 e identificado pola pegada dixital:

e17c409b2ea8199c24ff503d6fd77b9f5bfa6e27dd1daeefc329dc5093e1c733

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=wVplhhz6iCU>

ACORDOS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 14/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 26/09/2024

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 14/2024 de 26/09/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/09/2024, Acta nº 14/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Advertido erros na acta procedese á súa rectificación

Consta que a concelleira do grupo municipal PP Alicia Carou Romero asistiu a sesión plenaria cando estivo ausente

Non Consta como asistente o concelleiro do grupo municipal PP Ramón Vicente Vicente, que si asistiu a sesión plenaria

Unha vez rectificada a acta, o pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

2 NOMEAMENTO TITULAR DO XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE RIANXO

Dáse lectura da proposta presentada:

Tendo presente o Oficio da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de data 15/07/2024, rexistro de entrada número: 0240000003035, de data 22/07/2024 polo que se comunica a este Concello a aceptación da renuncia ao cargo do xuzo de paz titular, Ramón Rodríguez Sande, a efectos de que por parte do Pleno Municipal procédase á elección de persoa para o referido cargo por un período de catro anos

Trala aprobación das Bases da Convocatoria Pública para a elección de Xuíz de Paz titular e substituto por resolución de alcaldía 20/08/2024 e efectuada a publicación da convocatoria nos seguintes medios:

- anuncio no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Rianxo.
- Anuncio no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón.
- Anuncio no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Paz de Rianxo.
- anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 164 de 27/08/2024

Segundo certificado de secretaria, no prazo de 15 días hábiles dende o seguinte á publicación no BOP, que tivo lugar o 27/08/2024, rematando o prazo o 17/09/2024 os candidatos por orden de presentación das solicitudes foron:

RXE nº	Data	Interesado/a	DNI
20240000003601	04/09/2024	REY VICENTE MARIA AMELIA	***3771**
20240000003590	04/09/2024	CASAL SUAREZ MARIA	***3901**
20240000003552	02/09/2024	JOSE MANUEL FIGUEIRO ORDOÑEZ	***7012**

202490000001914	08/09/2024	FRANCISCO MATEO SALIDO LOPEZ	***1019**
202499900002179	05/09/2024	CLAUDIA VALERIA PEREIRA MENAUT RODRIGUEZ	***5252**
202400000001904 202490000001898	06/09/2024	SANDRA RODRIGUEZ RIAL	***3435**
202400000003634	06/09/2024	RODIÑOS AGULLA JAIME	***8561**
202400000003638 202400000003647	06/09/2024	PEREZ SABORIDO ROSA MARIA	***2828**
202400000003833 202400000003682 COMPLEMENTARIA	09/09/2024 18/09/2024	NOAL RODRIGUEZ IVAN	***0235**
202400000003686	09/09/2024	MIGUENS MARTINEZ JOSE DAVID	***4042**
202400000003668 202400000003745	09/09/2024 RENUNCIA 11.09.2024	PABLO BLANCO SOBRADELO	***5643**
202400000003710	10/09/2024	CAROU FIGUEIRA MARIA DEL MAR	***7923**
202400000003804 202400000003772 COMPLEMENTARIA	16/09/2024 12/09/2024	COLLAZO ALEJANDRE JUAN CARLOS	***0793**
202499800002243	12/09/2024	IRENE SOUTO JAMARDO	***2660**
202400000003815	16/09/2024	GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE RAMON	***5792**
202499900002303	18/09/2024	SANTIAGO LORENZO MUÑIZ	***6572**
202400000002304	17/09/2024	OLIVA ALCALDE NINE	

Todas elas presentadas en tempo e forma. Pablo Blanco Sobradelo presenta renuncia con data 11.09.2024

Unha vez revisada a documentación presentada polos aspirantes, requiríuselles co gallo de que emendaran aquelas deficiencias detectadas para o cal concedéuselles un prazo de 5 días no que todos presentaron documentación de subsanación

Verificada a nacionalidade española de todos eles, a súa maioría de idade e a presentación da declaración de non estar incurso en causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss, todos eles cumpren cos requisitos esixidos na base 1ª da convocatoria como condicionantes legais.

Asemade tralo análise da documentación que achegaron coa solicitude resulta o seguinte:

Nome e apelidos	Cert. Nac./dni compl.	Certific. médico (función xudicial)	Certific. penales	Decl. Compl Art. 2 Lei 68/80 de 1 decembro	Decl. Xur supostos Incomp. Funcion. Xudicial
REY VICENTE MARIA AMELIA	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
CASAL SUAREZ MARIA	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
JOSE MANUEL FIGUEIRO ORDOÑEZ	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
FRANCISCO MATEO SALIDO LOPEZ	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
CLAUDIA VALERIA PEREIRA MENAUT RODRIGUEZ	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
SANDRA RODRIGUEZ RIAL	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
RODIÑOS AGULLA JAIME	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
PEREZ SABORIDO ROSA MARIA	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
NOAL RODRIGUEZ IVAN	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
MIGUENS MARTINEZ JOSE DAVID	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
CAROU FIGUEIRA MARIA DEL MAR	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
COLLAZO ALEJANDRE JUAN CARLOS	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
IRENE SOUTO JAMARDO	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE RAMON	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
SANTIAGO LORENZO MUÑIZ	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
OLIVA ALCALDE NINE	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Conforme aos artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 101.2 da Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, artigo 4 e artigo 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, e sendo preciso quórum de maioría absoluta para a elección do candidato, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO

Admitir aos seguintes participantes:

Interesado/a	DNI
REY VICENTE MARIA AMELIA	***3771**
CASAL SUAREZ MARIA	***3901**
JOSE MANUEL FIGUEIRO ORDOÑEZ	***7012**

FRANCISCO MATEO SALIDO LOPEZ	***1019**
CLAUDIA VALERIA PEREIRA MENAUT RODRIGUEZ	***5252**
SANDRA RODRIGUEZ RIAL	***3435**
RODIÑOS AGULLA JAIME	***8561**
PEREZ SABORIDO ROSA MARIA	***2828**
NOAL RODRIGUEZ IVAN	***0235**
MIGUENS MARTINEZ JOSE DAVID	***4042**
CAROU FIGUEIRA MARIA DEL MAR	***5643**
COLLAZO ALEJANDRE JUAN CARLOS	***7923**
IRENE SOUTO JAMARDO	***0793**
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE RAMON	***2660**
SANTIAGO LORENZO MUÑIZ	***5792**
OLIVA ALCALDE NINE	***6572**

SEGUNDO

Elixir a como Xuíz de Paz titular a PEREZ SABORIDO ROSA MARIA á vista dos méritos acreditados especialmente a súa experiencia no posto e bon facer asemade do coñecemento da xente, dos trámites e persoal do xulgado.

TERCEIRO

Dar traslado do presente acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Padrón, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS Á CIDADANÍA, DEPORTE, CULTURA, EDUCACIÓN, PARTICIPACIÓN, en sesión do día 28/10/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PP e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PSOE) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

3 APROBACIÓN INICIAL: REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO (EXPEDIENTE 2024/G013/000006)

Dáse conta da proposta presentada:

A través do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 o Concello adquiriu, en propiedade, as seguintes axudas técnicas:

- 4 camas articulada con carro elevador
- 3 Grúas eléctricas de transferencias
- 4 cadeiras xiratorias de baño

O obxecto desta ordenanza é regular o servizo de préstamo temporal de Axudas Técnicas Asistenciais desenvolvido polo Concello da Rianxo. Configurándose como un servizo público municipal gratuito destinado ás persoas que polas súas limitacións físicas precisen dispoñer destas axudas para o desenvolvemento das Actividades Básicas da Vida Diaria

O servizo consistirá no préstamo temporal de Axudas Técnicas Asistenciais, durante o período de tempo que a persoa beneficiaria o precise, a persoas valoradas como dependentes e/ou con discapacidade e con limitados recursos económicos para facer fronte ao custo das mesmas.

Os servizos municipais elaboraron borrador de Regulamento do funcionamento do servizo de préstamo de axudas técnicas do concello de Rianxo

O sométese a consulta pública cidadá na sede electrónica do Concello de Rianxo durante 10 días a contar desde o día seguinte ao de publicación o presente anuncio na web municipal. Durante ese prazo según informe de rexistro non se presentaron alegacións nin consideración no rexistro municipal

O 21 de outubro de 2024 emítese informe de secretaria o borrador de Regulamento do funcionamento do servizo de préstamo de axudas técnicas do concello de Rianxo

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propono a este órgano a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro:

Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal , cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo:

Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro:

De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia, establece que a atención as persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social dos países desenvolvidos. O reto non e outro que atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse en situación de especial vulnerabilidade, requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadan.

A estes efectos o artigo 12.1 da norma citada establece que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, segundo a normativa das respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe.

Así mesmo, o artigo 25.2.e da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

formula o deber dos Concellos de avaliar as situacións de necesidade social e prestar atención inmediata ás persoas que se atopen en situación ou risco ou exclusión social.

A demanda de prestacións e servizos para cubrir as necesidades da persoas con limitacións físicas por parte dos/das seus cuidadores/as perante os servizos sociais aumentou considerablemente nos últimos anos. De feito unha das peticións máis comúns é a de axudas técnicas, en maior medida camas articuladas ou grúas eléctricas para transferencias, dado que o seu uso simplifica o traballo das persoas cuidadoras, ao mesmo tempo que mellora a calidade de vida das persoas dependentes e/ou con discapacidade física.

A través do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 o Concello adquiriu, en propiedade, as seguintes axudas técnicas:

- 4 camas articulada con carro elevador
- 3 Grúas eléctricas de transferencias
- 4 cadeiras xiratorias de baño

A finalidade é ser destinadas a persoas con dependencia e/ou discapacidade física, e que precisen apoio de terceiras persoas para o desenvolvemento das Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD) de carácter persoal,

Artigo 1. Obxecto, natureza e catalogo do servizo

É obxecto desta ordenanza regular o servizo de préstamo temporal de Axudas Técnicas Asistenciais desenvolvido polo Concello da Rianxo.

Configurase como un servizo público municipal gratuito destinado ás persoas que polas súas limitacións físicas precisen dispoñer destas axudas para o desenvolvemento das ABVD.

O servizo consistirá no préstamo temporal de Axudas Técnicas Asistenciais, durante o período de tempo que a persoa beneficiaria o precise, a persoas valoradas como dependentes e/ou con discapacidade e con limitados recursos económicos para facer fronte ao custo das mesmas.

Enténdese por axuda técnica todo produto, instrumento, equipamento ou sistema técnico utilizado por unha persoa con discapacidade ou en situación de dependencia destinado a prever, compensar, aliviar ou eliminar a deficiencia ou discapacidade.

Artigo 2. Obxectivos do servizo

- a) Favorecer a permanencia das persoas destinatarias na súa contorna familiar e o envellecemento de calidade, evitando ou retrasando a institucionalización mentres sexa posible.
- b) Favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria, ás persoas en situación de dependencia e/ou con discapacidade física.
- c) Previr problemas de saúde das persoas usuarias tales como problemas cutáneos, músculo esqueléticos, respiratorios, cardiovasculares etc.
- d) Simplificar a tarefa de coidados ás persoas coidadoras
- e) Procurar a mellora da calidade de vida tanto da persoa coidadora como da persoa dependente.
- f) Facilitar e posibilitar a atención ante calquera situación imprevista e sobrevida que requira de este servizo.

O servizo dependerá da dispoñibilidade do equipamento técnico asistencial e da valoración dos Servizos Sociais das necesidades da persoa usuaria e da súa unidade de convivencia.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación das prestacións establecidas neste regulamento será o termo municipal do Concello de Rianxo.

Artigo 4. Persoas usuarias do servizo.

Persoas con limitacións funcionais graves, que precisen axuda de outra persoa para realizar as actividades básicas da vida diaria e que lles resulta necesaria unha axuda técnica das recollidas na presente ordenanza para facilitarlles as actividades de aseo, alimentación, mobilización, e prevención de riscos para a saúde da persoa coidadora.

Persoas empadroadas e con residencia real e efectiva no Concello de Rianxo

Terán prioridade de acceso a este servizo as persoas que teñan recoñecido grao de

Dependencia do Sistema de Autonomía Persoal e Atención á Dependencia ou con recoñecemento de discapacidade física.

Artigo 5. Requisitos de acceso ao servizo.

Poderán ser beneficiarias do servizo as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Rianxo
- b) Atoparse nalgunha das seguintes situacións:
 1. Persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e presenten dificultades de mobilidade..
 2. Persoas que teñan recoñecido un grao II ou III de dependencia, e presenten limitacións para a realización das actividades básicas da vida diaria e precisen apoio indispensable e continuo doutra persoa ou teñan necesidade de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.
 3. Persoas que non tendo recoñecido o grao de dependencia e/ou discapacidade sinalados no punto 1 e 2, e presentan unha situación de saúde que os fai dependentes de terceira persoa. Neste caso, a situación de dependencia, falla de autonomía e/ou necesidade de axuda de terceira persoa, acreditarase co correspondente informe médico expedido polo servizo galego de saúde que a tal efecto puideran aportar.
- c) Non ter dereito nin estar desfrutando dunha axuda polo mesmo concepto a través doutros sistemas de protección social (Sistema Nacional de Saúde, Seguridade Social, empresas de axuda no fogar, entidades de iniciativa social ...).
- d) Que a renda anual de referencia da persoa solicitante non supere 5 veces o importe anual do Indicador Público de Referencia de Efectos Múltiples (IPREM).
- e) Que as condicións hixiénicas e de habitabilidade da vivenda permitan o uso das Axudas Técnicas Asistencias, e que exista unha persoa responsable do correcto uso das mesmas.

Artigo 6º. Procedemento e tramitación de solicitudes.

INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO

O procedemento poderá iniciarse de oficio ou a instancia de parte.

A solicitude deberá por calquera dos medioa recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ir asinada pola persoa beneficiaria, representante legal ou gardador/a de feito.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Modelo de solicitude cuberta e asinada correctamente (Preparar modelo de solicitude).
 - Declaración responsable de que non se solicitaron nin se concederon outras axudas polo mesmo concepto e que se vai cumprir coas obrigas estipuladas neste Regulamento (Modelo ***).
 - Fotocopia do DNI da persoa solicitante, representante legal e/ou gardar/a de feito, de ser o caso.
 - Documentación acreditativa do grao de dependencia e/ou da discapacidade da persoa solicitante.
 - Informe médico que acredite a necesidade do servizo e o tipo de axuda necesaria (unicamente no caso de non dispor de Resolución de Grao de Dependencia e/ou Certificado de Discapacidade).
 - Xustificación da capacidade económica da persoa solicitante:
 - Nóminas
 - Certificación bancaria de saldos, contas, depósitos e valores en conta correspondente ao último exercicio fiscal.
 - Última Declaración da renda presentada, de selo caso, ou Certificado negativo da AEAT de non ter obriga de presentala, coas imputacións do IRPF.
 - Certificación de percibir ou non prestacións ou pensións por parte do Instituto Nacional da Seguridade Social.
 - Calquera outro ingreso percibido
 - Calquera outra documentación requirida polos Servizos Sociais do Concello de Rianxo
- Unha vez recibidas as solicitudes comprobarase que reúnen os requisitos sinalados e no caso de non ser así, requirirase á persoa interesada para que no prazo de 10 días hábiles subsane a falla ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fai, terase por desestimada a súa petición, procedendo ao arquivo da mesma.

VALORACIÓN DA SOLICITUDE

Unha vez completada a solicitude esta será valorada por parte do persoal técnico dos servizos sociais do Concello da Rianxo, que emitirán Informe Técnico e o Informe Proposta de resolución.

Para a valoración da situación económica teranse en conta os ingresos da persoa solicitante, atendendo á seguinte valoración:

Ingresos da unidade iguais ou inferiores ao 80% do IPREM: **25** puntos.

Ingresos iguais ou inferiores ao IPREM: **20** puntos

Ingresos iguais ou inferiores ao 200% do IPREM: **15** puntos.

Ingresos iguais ou inferiores ao 300% do IPREM: **10** puntos.

Ingresos iguais ou inferiores ao 400% do IPREM: **5** puntos.

Valorarase e daráselle prioridade á situación de limitación funcional da persoa solicitante segundo o seguinte criterio:

- Persoas en situación de Gran Dependencia, Grao III, con grao de discapacidade igual ou superior ao 75%, e situación imprevista e sobrevida acreditando limitación funcional grave con necesidade de axuda de terceira persoa para tódalas ABVD: **30** puntos.
- Persoas en situación de Dependencia grave, Grao II, con grao de discapacidade igual ou superior ao 50%, e situación imprevista e sobrevida acreditando limitación funcional grave con necesidade de axuda de terceira persoa para algunha das ABVD: **25** puntos.
- Se precisa axuda para algunhas das actividades básicas da vida diaria e ten mobilidade reducida con axuda de terceira persoa: **15** puntos.

RESOLUCIÓN

O persoal técnico dos servizos sociais do Concello da Rianxo emitirán o Informe Técnico e o Informe Proposta de resolución, coa puntuación obtida e a valoración da solicitude.

O Alcalde aprobará ou rexeitará, por Resolución de Alcaldía o expediente .

Nos casos de urxente necesidade procederase á inmediata concesión da prestación previa valoración dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo.

Todas aquelas persoas que cumprindo o requisito para o acceso á axuda non poidan ser atendidas de xeito inmediato, debido a falla de disposición de axudas técnicas asistenciais,

incluíranse nunha lista de agarda cuxa orde de atención se rexerá pola data de rexistro de entrada da solicitude.

O prazo máximo de resolución deste procedemento e para a notificación do acto que lle poña término é de 2 mes; transcorrido o prazo sinalado sen que se dictase e notificase polo Concello a resolución correspondente, o efecto do silencio administrativo será positivo. Non obstante, o citado prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución poderase suspender nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 7. Causas de denegación.

Serán causas de denegación das solicitudes:

Presentación da documentación requirida fóra do prazo establecido.

Non cumprir algún dos requisitos do artigo 8.

Artigo 8. Dereitos das persoas usuarias do servizo.

As persoas usuarias do servizo terán dereito a:

1. Que sexa respectada en todo momento a súa individualidade e dignidade persoal.
2. Recibir o servizo adecuadamente.
3. Ser informadas puntualmente das modificacións que poidan producirse no réxime da prestación.
4. Á intimidade e á confidencialidade dos seus datos e da súa situación persoal.
5. Exercer o seu dereito de queixa conforme as disposicións vixentes.

Artigo 9. Deberes das persoas usuarias do servizo:

Son deberes das persoas usuarias do servizo:

1. As persoas usuarias do servizo están obrigadas a cumprir co obxectivo das mesmas e a empregar as Axudas Técnicas Asistencias conforme á finalidade para a que foron concedidas. A persoa usuaria, representante e/ou gardador/a de feito, recoñecerá que as axudas técnicas son propiedade do Concello de Rianxo e que se entregan en condicións

óptimas de uso. O obxecto prestado deberá ser devolto no mesmo estado en que foi recibido.

2. Ademais, as persoas beneficiarias están obrigadas a:
 - 2.a. Destinar aa Axudas Técnicas Asistencias á finalidade para a que se concede, e ser destinada exclusivamente á persoa beneficiaria, sen que poida ser alugada ou cedida a terceiras persoas.
 - 2.b. Facilitar toda a información requirida polos Servizos Sociais.
 - 2.c. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará, de ser o caso, o persoal dos Servizos Sociais.
 - 2.d. Comunicar calquera variación que se produza na situación social, económica e familiar.
 - 2.e. Informar, sen esconder nin falsear, as circunstancias persoais, familiares, medico-sanitarias, económicas e sociais que determinen a necesidade da prestación.
 - 2.f. Responsablizarse da recollida e devolución da axuda técnica no lugar e nas condicións que lles comunique o persoal dos Servizos Sociais Comunitarios
 - 2.g. Unha vez se proceda a devolver o material, este ten que ser entregado no mesmo estado que se lle prestou (agás o normal desgaste producido polo uso).

Artigo 10. Causas de extinción.

Serán causas de extinción do préstamo:

1. A renuncia das persoas usuarias ou dos/das seus/súas representantes legais.
2. Por incumprimento das obrigas estipuladas no artigo 6,
3. Por modificación da situación da persoa beneficiaria que deu lugar á concesión da axuda técnica.
4. Pasamento da persoa beneficiaria.
5. Por traslado da súa residencia a outro municipio.

Artigo 11. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes abrirase o día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva deste regulamento no BOP. As solicitudes presentaranse xunto coa documentación correspondente no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo.

O prazo máximo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución será de dous meses contados dende o día seguinte ao da presentación da solicitude.

Artigo 12. Infraccións e sancións.

Enténdese como infracción grave a non devolución da axuda técnica en tempo e forma logo de emitirse requirimento ao efecto. Terá a mesma consideración cando sexan detectados roturas ou deterioro grave por mal coidado, mal uso, golpes ou falta de mantemento, procederase a abrir expediente sancionador de contía establecida segundo os anos de uso e obsolescencia da axuda:

- Axuda técnica nova, sen uso anterior ou ata o 2º ano de uso dende a adquisición: sanción sobre o 100% do custo total da axuda técnica, computando o IVE no custo total.
- Axuda técnica entre o 2º e o 3º ano de uso dende a adquisición: sanción sobre o 50% do custe total da axuda técnica, IVE engadido.
- Axuda técnica entre o 3º e o 4º ano de uso dende a adquisición: sanción sobre o 25% do custe total da axuda técnica, IVE engadido.
- Axuda técnica a partir do 4º ano de uso dende a adquisición: sanción sobre o 10% do custe total da axuda técnica, IVE engadido.

O órgano competente para a imposición da sanción, motivada polas infraccións descritas, será a Xunta de Goberno Local.

Artigo 13. Protección de datos.

O Concello de Rianxo é o Responsable do tratamento dos seus datos persoais e infórmalle que estes datos serán tratado de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, coa finalidade de dar cumprimento a ordenanza municipal do funcionamento do Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas do Concello de Rianxo

en base a unha obrigación legal e non conservarlos durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia. Os datos poderán ser comunicados a outras administración públicas en caso de ser requiridos mediante obriga legal. Así mesmo, infórmase de que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Rianxo en Praza Castelao, 1 – 15920 Rianxo (A Coruña). Correo electrónico: dpd@concelloderianxo.gal e o de reclamación a www.aepd.es

DISPOSICIÓN

Disposición adicional primeira

Facúltase aos servizos técnicos municipais a realizar as inspeccións que consideren necesarias a prol do bo uso e correcto mantemento das axudas técnicas en préstamo. Así como tamén realizar as propostas de devolución de oficio no caso de detectar un mal uso, incorrecto mantemento ou trato, ou ben o non uso dos bens.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que transcorra o prazo regulamentario ao que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 28/10/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

4 APROBACIÓN INICIAL: ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO (EXPEDIENTE 2024/G013/000005)

Dáse conta da proposta presentada:

O Concello de Rianxo ten á súa disposición **8** vivendas que están situadas neste termo municipal para ser destinadas a ocupación temporal social co fin de asegurarlles unhas condicións dignas de vivenda a aquelas persoas que se atopan nunha situación económica na que contan con recursos insuficientes para acceder ao mercado de vivendas en ocupación temporal.

Estas vivendas foron rehabilitadas o abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal.

A finalidade destas axudas era que fosen destinadas en réxime de alugamento á residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples. (IPREM).

É obxecto desta ordenanza regular as condicións, os requisitos de acceso, o procedemento de adxudicación e o réxime de uso das vivendas de ocupación temporal social das que dispoña o Concello de Rianxo para atender a necesidade de residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 IPREM, e que requiren dunha vivenda en condicións de renda axeitada.

En xullo inicianse os traballo de elaboración da tramitación do expediente.

Os servizos municipais elaboraron borrador de ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO

En setembro de 2024 emítase informe de secretaria o borrador de ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO

Sométese a consulta pública cidadá na sede electrónica do Concello de Rianxo durante 10 días a

contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal. Durante ese prazo según informe de rexistro non se presentaron alegacións no rexistro municipal

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propono a este órgano a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro:

Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal , cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo:

Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro:

De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS DE CESIÓN TEMPORAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Rianxo ten á súa disposición 8 vivendas que están situadas neste termo municipal para ser destinadas a cesión temporal social co fin de asegurarlles unhas condicións dignas de vivenda a aquelas persoas que se atopan nunha situación económica na que contan con recursos

insuficientes para acceder ao mercado de vivendas en cesión temporal.

Estas vivendas foron rehabilitadas o abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal.

A finalidade destas axudas era que fosen destinadas en réxime de alugamento á residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) en cómputo anual (14 pagas) .

A Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, establece no artigo 25.2 como competencia propia municipal a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. Con base nese título competencial preténdense paliar situacións de necesidade e realizar un seguimento das situacións persoais para mellorar a situación económica e as circunstancias socio-familiares. Neste mesmo senso, o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A lei define os servizos sociais como un servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, «facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se atopa en situación ou risco de exclusión social». Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de promoción do desenvolvemento comunitario, tal como se recolle no artigo 27.24 do seu Estatuto de Autonomía. O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece que lles corresponde aos concellos no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais a creación, a xestión e o

mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos. Pola súa banda, a situación de risco de exclusión social vén definida na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e debe ser o persoal técnico municipal adscrito aos servizos sociais quen determine situacións de risco para os efectos de acceder temporalmente ao uso dunha vivenda social.

De acordo coa Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia os entes locais, baixo o principio de autonomía para a xestión dos seus intereses, exercen as competencias de vivenda de acordo co establecido pola lexislación de réxime local, a lexislación urbanística e esta lei, sen prexuízo da capacidade de subscribir convenios e concertar actuacións con outras administracións e axentes de iniciativa social e privada que actúan sobre o mercado da vivenda protexida e libre.

De acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, os poderes públicos teñen que apoiar e protexer ás familias de especial consideración e, en especial, aos menores de idade. Así mesmo, as administracións públicas favorecerán o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas con discapacidade e/ou dependencia recoñecida.

Por todo isto, este Concello, no uso da potestade regulamentaria que lle confire o artigo 4.1a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), redactou esta ordenanza.

Artigo 1.-Obxecto e definición.

1.1. É obxecto desta ordenanza regular as condicións, os requisitos de acceso, o procedemento de adxudicación e o réxime de uso das vivendas de cesión temporal social das que dispoña o Concello de Rianxo para atender a necesidade de residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 IPREM (14 pagas), e que requiren dunha vivenda en condicións de renda axeitada.

1.2. Enténdese como vivenda social aquel réxime polo que se lles facilita ás unidades de convivencia a cesión temporal dunha vivenda en condicións de renda axeitada ás súas circunstancias, naqueles casos nos que se atopen en situacións de dificultade de orde económica, social ou de calquera outra índole.

Os recursos adscritos a este servizo son os seguintes :

Vivendas sitas na referencia catastral 5225040NH1252S0001YU

VIVENDAS	ESCALEIRA	PLANTA	PORTA
VIVENDA	1	01	DR
VIVENDA	1	01	IZ
VIVENDA	2	01	DR
VIVENDA	2	01	IZ
VIVENDA	1	02	DR
VIVENDA	1	02	IZ
VIVENDA	2	02	DR
VIVENDA	2	02	IZ

Así, mesmo vía acordo municipal poderán adscribirse a este servizo outras vivendas municipais.

O Concello de Rianxo asume a prestación directa deste servizo xestionado polo departamento de Servizos Sociais municipais.

Os inmobles nos que se sitúan as vivendas destinadas a cesión temporal social quedan afectadas a este servizo público.

Estas vivendas réxense pola Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual.

1.3. Considerase unidade de convivencia o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares. A composición da unidade familiar será a establecida na normativa reguladora do IRPF.

1.4. Dadas as características das vivendas, o máximo de persoas que poden ocupar unha vivenda será de 5.

Artigo 2.-Réxime xurídico.

2.1. Os dereitos de cesión dos inmobles aos que se refire esta ordenanza rexeranse polo disposto nesta ordenanza

Os acordos de posta á disposición temporal das vivendas sociais terán unha natureza administrativa e rexeranse polas súas propias cláusulas, por esta ordenanza e, no non disposto anteriormente, pola normativa de Dereito administrativo, sen prexuízo da aplicación supletoria da normativa de Dereito civil no que non se opoña ao anterior.

2.2. A posta á disposición das mencionadas vivendas formalizarase nun documento administrativo. A vivenda non poderá ser obxecto de cesión, nin en todo nin en parte, a un terceiro.

2.3. O Concello de Rianxo disporá das facultades que lles outorga a normativa administrativa aos municipios para a interpretación e modificación, por razóns de interese público, do establecido nesta ordenanza e será competente para a resolución de cantas cuestións se presenten en relación con estes a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 3.-Requisitos e condicións para a adxudicación das vivendas sociais en réxime de cesión temporal.

3.1. A unidade de convivencia interesada nunha vivenda de cesión temporal social deberá formalizar a solicitude no rexistro do Concello, ou en calquera dos lugares establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude deberán presentar a documentación que se estableza nas bases da convocatoria, así como calquera outra documentación que lle poida ser requirida polo Concello. En calquera caso, o Concello comprobará de oficio a veracidade da información achegada coa solicitude, a través das entidades públicas, rexistros e entidades privadas.

Só será admisible unha solicitude por unidade de convivencia, polo que non pode unha mesma persoa conformar máis dunha unidade de convivencia ao mesmo tempo.

No caso de unidades de convivencia de máis dun membro, deberán reflectirse na solicitude os datos de todos os seus membros e achegar a información oportuna de todos/as eles/as, de

acordo co establecido nesta ordenanza.

No caso de que algunha solicitude fora incorrecta ou se omitira a presentación dalgún documento, outorgarase un prazo de 10 días para emendar os erros e/ou omisións apreciados. A non emenda no prazo indicado entenderase como desestimento da solicitude.

3.2. Poderán solicitar unha vivenda de cesión temporal social as persoas físicas, para si ou para a súa unidade de convivencia que, pola súa situación ou polos seus escasos recursos económicos, non poidan acceder a unha vivenda de cesión temporal a prezo de mercado e nas que concorran os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade ou menor con emancipación concedida e non ter incapacidade de obrar para obrigarse contractualmente de acordo co Código Civil.
- b) Residir legal, efectiva e continuadamente no Concello de Rianxo durante un período de cando menos seis meses con anterioridade á data da solicitude.
- c) Non ser titular, a persoa solicitante ou calquera outro membro da unidade de convivencia, dunha vivenda en réxime de propiedade de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou goce sobre outra vivenda. Non obstante, este requisito non será de aplicación no caso de sentenza xudicial de separación ou divorcio cando como consecuencia deste non se lle adxudicara o uso da vivenda que constituía a residencia familiar, e para os casos de tratárense de vivendas non axeitadas.
- d) Acreditar que non se superan os ingresos máximos establecidos nesta ordenanza.

3.3. O incumprimento de calquera das condicións anteriores producirá a non admisión da solicitude.

Son causas de denegación da adxudicación dunha das vivendas de cesión temporal social o non cumprimento dos requisitos establecidos nesta ordenanza ou o falseamento dos requisitos por parte da persoa solicitante ou da súa unidade familiar.

Artigo 4.-Unidade de convivencia e unidade familiar.

4.1. Considerase unidade de convivencia o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da

relación que exista entre todas elas.

4..2. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares. A composición da unidade familiar será a establecida na normativa reguladora do IRPF.

4.3. Dadas as características das vivendas, o máximo de persoas que poden ocupar unha vivenda será de 5.

Artigo 5.-Requisitos económicos acreditativos da situación da necesidade dunha vivenda.

5.1. Os ingresos dos membros da unidade de convivencia ás que se destinen as vivendas determinaranse de conformidade co normativa reguladora do IRPF, procedendo do seguinte modo:

5.1.1. Partirase da contía da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, correspondente á declaración presentada por cada persoa da unidade de convivencia relativa ao último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude. De non dispoñer da correspondente Declaración da Renda por non ter a obriga de declarar, deberanse acreditar os ingresos mediante certificación de imputación de rendas emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (en diante, AEAT). Nestes casos, deberase achegar, ademais, unha declaración responsable dos seus ingresos.

5.1.2. A contía resultante converterase en número de veces o IPREM en vigor no período a que se refiran os ingresos acreditados.

5.1.3. O número de veces do IPREM resultante ponderarase en función dos seguintes coeficientes, segundo corresponda:

Unidade familiar dun membro: 1,00.

Unidade familiar de dous membros: 0,90.

Unidade familiar de tres membros: 0,80.

Unidade familiar de catro membros: 0,75.

Unidade familiar de cinco membros: 0,70

5.2. No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das establecidas na normativa do IRPF, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM e ponderados conforme o previsto neste artigo, sumaranse, debendo ser o resultado inferior ao límite máximo previsto nestas bases reguladoras.

5.3. Se algún membro da unidade de convivencia é unha persoa con discapacidade, nos termos establecidos na normativa do IRPF, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese, conforme o previsto nos apartados anteriores.

5.4. Para o caso de que na unidade de convivencia houbera mulleres xestantes no momento da convocatoria, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos/as e non nados/as contará como membros da unidade de convivencia, para os efectos da aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto no 5.1.3 deste artigo, sempre que coa aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación da adopción en trámite.

5.5. En calquera caso, para ser beneficiario/a da cesión temporal de vivenda social, deberanse acreditar uns ingresos mínimos anuais ponderados do 80% do IPREM 14 pagas.

En todo caso, os supostos excepcionais serán valorados polo persoal técnico correspondente do departamento de Servizos Sociais do Concello, mediante a emisión do correspondente Informe Técnico.

Artigo 6.-Criterios de valoración.

Os criterios que se terán en conta para proceder á puntuación da concesión das vivendas de cesión temporal social serán os seguintes:

INGRESOS PONDERADOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	
Unidades de convivencia con ingresos menores do 1,5 IPREM (14 pagas)	6 puntos
Unidades de convivencia con ingresos entre o 1,5 e 2 IPREM (14 pagas)	4 puntos
Unidades de convivencia con ingresos entre o 2 e 2,5 IPREM (14 pagas)	2 puntos
NECESIDADE DA VIVENDA	
Vivenda sobre a que exista unha orde de desaloxo ou desafiuamento	4 puntos

Vivenda en malas condicións de habitabilidade pola súa seguridade, as súas condicións hixiénicas, barreiras arquitectónicas, superficie da vivenda, etc.	2 puntos
COMPOSICIÓN FAMILIAR	
Por cada menor de 18 anos da unidade familiar	4 puntos
Por cada persoa maior de 80 anos a cargo da unidade familiar	2 puntos
Por cada persoa con grao de discapacidade a cargo da unidade familiar	2 puntos
Por cada persoa con dependencia que forme parte da unidade familiar	2 puntos
Familias monoparentais ou familias acolledoras	2 puntos
Vítimas de violencia de xénero	3 puntos

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes con composición familiar con maior número de menores, en segundo lugar con algún membro que pertenza ós grupos de especial consideración segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, en terceiro lugar as unidades de convivencia con ingresos ponderados e, se persiste o empate, resolverase por sorteo.

Artigo 7.-Prazo de cesión.

7.1. O prazo da autorización da cesión temporal das vivendas sociais será de DOUS ANOS, contado dende a data de formalización do documento administrativo da cesión.

Logo de transcorrer os 2 primeiros anos de vixencia do contrato e sempre que a unidade de convivencia siga a cumprir as condicións que deron orixe á adxudicación, este poderase renovar por novos prazos bianuais ata un máximo de SEIS anos, agás que a persoa con título para ocupar lle comunique ao Concello, cun mes de antelación ao vencemento de cada anualidade, a súa vontade de non renovo.

7.2. Ao finalizar o prazo , o dereito á cesión da vivenda cesará automaticamente e a persoa adxudicataria deberá entregar as chaves no Departamento de Servizos Sociais do Concello, quen procederá a comprobar o estado da vivenda. No suposto de atopar nesta danos ocasionados por un uso indebido ou negligente, será a persoa adxudicataria ou unidade de convivencia quen queda obrigada a asumir os gastos de reparación e/ou reposición. No caso de non proceder á súa

reparación, esta quedará automaticamente excluída de presentar unha nova solicitude de vivenda social nun prazo de 5 anos.

7.3. Con independencia do previsto nos apartados anteriores, a persoa adxudicataria poderá solicitar a prórroga do prazo de cesión da vivenda social, cunha antelación mínima de dous meses previos á expiración do prazo de vixencia establecido.

Esta solicitude será valorada polos servizos sociais atendendo á situación da unidade de convivencia, á demanda existente e á dispoñibilidade das vivendas. O informe dos Servizos Sociais favorable á prórroga da autorización de cesión sinalará o prazo da dita prórroga.

Artigo 8. Subrogación.

8.1. Cabe a subrogación na permanencia da vivenda no caso de falecemento da persoa adxudicataria e conforme ás seguintes regras:

Unicamente poderán subrogarse nas mesmas condicións e polo tempo que reste, en orde de preferencia, as seguintes persoas, sempre e cando residiran na vivenda de xeito habitual e continuado tras o falecemento:

- Cónxuxe con quen convivira ao tempo do falecemento.
- A persoa que convivira coa persoa falecida de forma permanente en análoga relación de afectividade á de cónxuxe, durante cando menos os dous anos anteriores ao tempo do seu falecemento, agás que tiveran descendencia en común, en cuxo caso bastará a simple convivencia.
- Descendentes da persoa falecida que no momento do seu falecemento estiveran suxeitos/as á súa patria potestade ou tutela, ou conviviran habitualmente con ela durante os dous anos precedentes.
- Ascendentes da persoa falecida que conviviran habitualmente con ela durante os dous anos precedentes.
- Os irmáns e as irmás da persoa falecida que conviviran habitualmente con ela durante os dous anos precedentes.
- As persoas distintas de todas as indicadas anteriormente e que teñan unha discapacidade igual

ou superior ao 65%, sempre que convivirá coa persoa falecida durante os dous anos anteriores ao falecemento.

Se ao tempo do falecemento non existira ningunha destas persoas, o acordo de cesión quedará extinguido.

8.2. No caso de Divorcio ao proxenitor que teña a garda e custodia dos/as menores ou, de ser o caso, o membro da parella que quede máis vulnerable.

8.3. Tamén poderá subrogarse ao cónxuxe ou parella de feito no caso de que a persoa adjudicataria manifestase a súa vontade de desistir do contrato e o seu cónxuxe ou parella de feito non o consinta. Neste caso o Concello deberá requirir ao cónxuxe ou parella de feito ao fin de que expoña a súa vontade e, se este non contesta en 15 días, o contrato extinguirase automaticamente, e queda este último, como persoa ocupante, responsable de aboar a taxa correspondente.

8.4. No caso de que o titular do dereito de cesión ou parella de feito abandone a vivenda sen manifestar desistencia, poderase subrogar no contrato o cónxuxe ou parella de feito convivente a condición de que notifique por escrito a súa vontade de subrogarse no contrato no prazo dun mes desde o abandono, quedando obrigado ao pagamento da taxa dese mes. No caso de incumprimento da devandita notificación en prazo, o contrato quedará extinguido de forma automática.

8.5. Tamén poderá subrogarse o excónxuxe ou exparella de feito en caso de separación, divorcio ou nulidade do matrimonio da persoa adjudicataria cando lle fose atribuído o uso da vivenda familiar por sentenza firme ou convenio regulador de forma permanente ou nun prazo superior ao que reste por cumprir do contrato. En todo caso, o excónxuxe ou exparella de feito deberá comunicar ao Concello a súa vontade de continuar no uso da vivenda.

8.6. A subrogación deberá solicitarse ao Concello por escrito, xunto cos documentos que acrediten tanto o falecemento da persoa titular como o dereito da persoa subrogante, no prazo de 2 meses dende que se produza o falecemento, ou cambio da situación persoal.

7. A subrogación comporta a asunción dos dereitos e das obrigas contidos no acordo de cesión da vivenda e, en particular, o aboo dos tributos pendentes de pagamento, tanto previas como posteriores ao falecemento.

Artigo 9.-Listaxe municipal de demandantes dunha vivenda.

O Concello de Rianxo creará unha listaxe onde figuren todas as persoas solicitantes de vivenda admitidas, segundo a orde de puntuación obtida de acordo co proceso de valoración.

No caso de que varias unidades de convivencia obteñan a mesma puntuación remitise o criterio desempate artigo 6.

Presumirase como representante da unidade de convivencia a persoa que figure como solicitante. No caso de que esta deixara de ser membro da unidade de convivencia pero que se manteña vixente a solicitude, deberá designarse unha nova persoa representante.

Todas as solicitudes de vivenda efectuadas, logo de ser revisadas e admitidas, incorporaranse á listaxe municipal de vivenda, constando no seu expediente a totalidade dos datos esixidos nesta ordenanza, así como a puntuación obtida no proceso de valoración. No caso de que non cumpran os requisitos aquí establecidos, comunicaráselle á persoa interesada a non procedencia da súa inclusión na listaxe.

A renuncia a unha vivenda municipal supón a exclusión da listaxe municipal de vivenda.

A listaxe de solicitantes de vivenda irase renovando e publicando cada dous anos, polo que calquera vivenda social que quede vacante será adxudicada considerando a puntuación.

Artigo 10.-Procedemento.

10.1. O Concello de Rianxo habilitará sucesivos prazos para as solicitudes de cesión temporal. Unha vez transcorra o prazo, o persoal técnico correspondente do departamento de Servizos Sociais do Concello valorará cada petición segundo o baremo establecido, de conformidade cos criterios de valoración sinalados no artigo 6 desta ordenanza, de cara a incluír as persoas solicitantes nunha listaxe de espera municipal.

10.2. Por acordo de Alcaldía e con base nos informes técnicos elaborados polas áreas municipais pertinentes, resolverase a concesión ou denegación.

10.3. As adxudicacións realizaranse seguindo estritamente a orde establecida na listaxe municipal de vivenda, que elixirá as persoas solicitantes segundo o recollido nesta norma.

10.4. No caso de existir vivendas vacantes, serán adxudicadas a quen figure con maior puntuación dentro da listaxe de espera de solicitantes, para o cal Alcaldía emitirá a oportuna resolución na que se autoriza a cesión da vivenda social e na que se concretarán os requisitos do contrato de cesión temporal.

De non existir ningunha vivenda vacante, as persoas solicitantes de vivenda quedarán á espera de producirse unha vacante, para o que debe actualizarse a documentación pola persoa interesada segundo o establecido no apartado seguinte.

10.5. A adxudicación definitiva formalizarase coa sinatura do correspondente contrato de cesión temporal de vivenda social.

A eficacia da cesión da vivenda para cesión temporal quedará expresamente sometida á condición suspensiva de ocupar a vivenda adxudicada no prazo de un mes e acreditar o empadramento da totalidade dos membros da unidade de convivencia na vivenda, prazo que contará dende a sinatura do acordo de cesión temporal de vivenda social. O incumprimento desta condición determinará a resolución do contrato, logo da audiencia da persoa adxudicataria e a posterior adxudicación da vivenda de que se trate a quen corresponda da listaxe de espera existente.

Artigo 11.-Deberes e dereitos das persoas adxudicatarias.

11.1. As persoas adxudicatarias dunha vivenda en réxime de cesión temporal quedan suxeitas ás seguintes obrigas:

6. Ocupar a vivenda e destinala á súa residencia habitual e permanente súa e da súa unidade de convivencia, polo que non poderá mantela desocupada ou dedicala a segunda residencia ou a outros usos non autorizados. Se a persoa titular do dereito de cesión conta con desocupar a vivenda por un período superior a dous meses, deberá previamente comunicarlle a dita circunstancia por escrito ao Concello e explicar as razóns da desocupación. Deberá facer un bo uso da vivenda e mantela e conservala nas mesmas condicións nas que lla entregaron.
7. Non poderá ceder a vivenda nin en arrendamento nin en precario.

8. Colaborar cos servizos de inspección do Concello, no momento no que sexan requiridos para iso, e proporcionarlles os documentos requiridos para a comprobación, entre outros, do nivel de cumprimento da obriga de residencia, estado da vivenda, condicións de habitabilidade, salubridade e hixiene.
9. Non poderá acometer ningún tipo de obra ou mellora na vivenda. No caso de se producir algunha avaría nas instalacións, deberase dar conta ao Concello, nun prazo de 24 horas.
10. Formalizar as altas nas correspondentes nas empresas subministradoras de luz e auga
11. Aboar os gastos e consumos que se orixinen como consecuencia da utilización da vivenda como son a enerxía eléctrica, o teléfono, o gas etc, así como o pagamento das taxas de auga, lixo e saneamento.
12. Naquelas vivendas que dispoñan de terrazas, estas non poderán ser utilizadas como almacéns de utensilios tales como bicicletas, bombonas de butano, útiles de limpeza (fregonas, caldeiros...) roupa sucia, etc. Así mesmo evitárase, na medida do posible, o tendido visible e externo da roupa.
13. Deixar a vivenda nas mesmas condicións nas que lle foi entregada, agás as que se deriven do desgaste polo seu uso normal durante o prazo do arrendamento.
14. Prohibición de utilizar os servizos e elementos comúns de forma contraria ao seu destino. Así mesmo está prohibido deixar calquera obxecto depositado ou almacenado en calquera elemento común do inmovible (portal, entrada, escaleiras, descansos, etc.).
15. Será por conta da persoa adxudicataria a limpeza da vivenda, mobiliario e demais utensilios, e deberá manter a limpeza dos corredores e demais elementos comúns.
16. Prohibición de desenvolver actividades que xeren ruídos ou molestias á veciñanza; deben de cumprir as normativas de ruídos, en especial dende as 10 da noite ata as 8 da mañá.
17. Non poderán terse animais, agás os cans-guía no caso de resultar necesarios, nin almacenar materiais antihixiénicos e/ou perigosos, nin no interior da vivenda nin noutros espazos comúns.
18. Non poderán residir na vivenda máis persoas que as sinaladas expresamente na solicitude como membros da unidade de convivencia.

19. Calquera variación de ingresos ou circunstancias persoais das persoas que formen a unidade de convivencia deberá de ser posta en coñecemento do Concello, no prazo de 1 mes.

11.2. O incumprimento de calquera das obrigas anteriores poderá ser causa de resolución do contrato de arrendamento.

Artigo 12.-Causas e efectos de EXTINCIÓN.

12.1. O Concello poderá acordar a extinción da autorización de cesión temporal da vivenda social logo do expediente administrativo no que se lle dará audiencia á persoa adxudicataria por un prazo de quince días.

As causas que poden motivar a extinción son:

Falecemento da persoa adxudicataria, cando non concorra ningún suposto de subrogación ou esta non fora solicitada.

Desaparición das causas que motivaron a súa concesión (disposición de residencia propia, obtención de recursos económicos que superen os máximos previstos nesta ordenanza...).

Incumprimento de calquera dos requisitos ou obrigas establecidas nesta ordenanza, entre elas, o falseamento ou ocultación de datos necesarios para valorar as circunstancias de necesidade social.

Abandono da vivenda, sen previo aviso ao Concello e sen existir motivo que xustifique a ausencia.

Incumprimento das normas de convivencia, causar danos a persoas ou bens ou ter altercados co resto dos residentes no inmovible.

Falseamento dos datos, documentos ou ocultación destes.

Por falta de colaboración co Concello de Rianxo.

Permitir a utilización da vivenda a terceiras persoas que non formen parte da unidade de convivencia.

Non proceder a darse de alta nas subministracións de luz e de auga.

Non aboar a cota do alugueiro e os demais tributos municipais

12.2. Os Servizos Sociais municipais elaborarán un informe técnico sobre os motivos para a

extinción do dereito de cesión temporal da vivenda de cesión temporal.

Logo de ver os informes municipais que procedan, se é o caso, coa premura que sexa necesaria, o Departamento de Servizos sociais, de acordo cos criterios indicados neste artigo, formularán unha proposta de resolución.

12.3. O alcalde da Corporación, tendo en conta a proposta de resolución e os informes elaborados polas áreas municipais pertinentes e logo da audiencia da persoa interesada ditará a resolución sobre a EXTINCIÓN da autorización de cesión temporal.

12.4. Logo de se extinguir automaticamente a autorización para permanecer na vivenda polo transcurso do prazo ou se for declarada formalmente a resolución polo Concello, as persoas ocupantes deberán abandonar a vivenda e deixala libre e nas mesmas condicións nas que a atoparon no prazo de 1 mes, e entregar as chaves no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Rianxo, así como as solicitudes de baixa presentada ante as distintas empresas subministradoras de luz e auga

12.5. Se nese prazo a vivenda non se atopara á disposición do Concello, procederase como legalmente sexa pertinente para o seu desaloxo.

Artigo 13.-Taxa

As persoas beneficiarias dunha vivenda aboará mensualmente a taxa establecida na Ordenanza fiscal de acordo cos criterios establecidos na ordenanza fiscal reguladora.

Artigo 14.-Fianza

14.1 En concepto de fianza, para garantir o pago das taxas durante o período da adxudicación, dos danos que se puideran ocasionar na vivenda, así como o exacto cumprimento das demais obrigacións asumidas en virtude da adxudicación,

Con carácter previo a subscripción do documento de formalización da cesión, depositarase na Tesourería municipal fianza en metálico por importe dunha mensualidade da taxa .

14.2 Extinguida a relación por calquer causa, deberá o Concello devolver a cantidade correspondente da fianza previo informe dos servizos municipais previa recepción da vivenda, equipamento, mobiliario e enseres de conformidade, por entregarse sen danos ou fosen

reparados e por non existir deudas tributarias , vinculadas o inmovible , pendentes de pago .
Sen perxuixo da esixencia das correspondentes responsabilidades por danos ou danos superiores que se puidesen ocasionar e a fianza non cubra o importe , as cales serán esixidas os beneficiarios

Artigo 15.-Protección de datos.

O Concello de Rianxo é o responsable do tratamento dos seus datos persoais e infórmalle que estes datos serán tratado de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, coa finalidade de dar cumprimento a ordenanza municipal das “vivendas dos mestres” do Concello de Rianxo en base a unha obrigación legal e non conservalos durante mais tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia.

Os datos poderán ser comunicados a outras administración públicas en caso de ser requiridos mediante obriga legal.

Así mesmo, poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión de datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Rianxo en Praza Castelao, 1 – 15920 Rianxo (A Coruña). Correo electrónico: dpd@concelloderianxo.gal e o de reclamación a www.aepd.es.

DISPOSICIÓN

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que transcorra o prazo regulamentario ao que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia..”

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 28/10/2024 na que se ditaminou

favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

5. APROBAR PROVISIONALMENTE A IMPOSICIÓN DA TAXA POLA CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E A ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14 REGULADORA DA TAXA POLA CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPEDIENTE: 2024/G015/000001

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello considera necesario e conveniente ADOPTAR O ACORDO DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DUNHA TAXA QUE DESENVOLVA O RÉXIME FISCAL APLICABLE ÁS VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, POLA CESIÓN TEMPORAL DAS MESMAS.

Visto que o artigo 47 da Constitución española consagra o dereito ao disfrute dunha vivenda digna, e que impón aos poderes públicos a promoción das condicións que garantan o exercicio de tal dereitos.

Considerando que, si ben as competencias en materia de vivenda son esencialmente autonómicas e estatais, e partindo que a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, obriga as poderes públicos a protección das familias de especial consideración e, en especial, aos menores de idade e, entendendo, que no ámbito da área de servizos sociais pódese encadrar este mandato.

Vistas las dificultades de carácter estructural que vense observando no acceso a vivenda en todo o territorio, ben sexa en réxime de propiedade ou de alugueiro, esta Corporación mediante esta ordenanza e a non fiscal que se está a tramitar, procura contribuir a dito dereito constitucional.

A ordenanza fiscal número 14 é de nova creación, polo que precisa dun acordo de imposición. A mesma intégrase por 9 artigos e unha disposición adicional, e na súa confección dase prevalencia, en canto a cuantificación da cota a abonar, á capacidade económica da unidade de convivencia, de acordo coa previsión contida no artigo 24, apartado 4, do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Vistos os informes incorporados ao expediente, efectúase a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO

Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola cesión temporal de vivendas de titularidade municipal e a ordenanza fiscal número 14 reguladora da taxa pola cesión temporal de vivendas de titularidade municipal, nos termos seguintes:

“PREÁMBULO

O Concello está a tramitar a normativa municipal que consituirá o réxime xurídico das vivendas de titularidade municipal destinadas a cesión de uso temporal.

Dicha normativa contempla a esixencia unha taxa pola utilización das vivendas municipais, debendo devandito tributo ser obxecto de regulación a través da ordenanza fiscal, e do acordo de imposición e ordenación correspondente.

II

O artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, outorga aos Concellos a potestade para establecer e esixir taxas, entre outras, pola utilización privativa dos bens de dominio público local conforme as normas contidas nos artigos 20 a 27 do mesmo texto legal.

Esta ordenanza fiscal se incardina dentro desa normativa. Con todo, polo que respecta á contía da taxa, a ordenanza refuga a aplicación de regulala según o “valor de mercado da utilidade derivada da utilización dos bens” de dominio público, prevista no artigo 24.1 do mencionado texto refundido, apelando a criterios de capacidade económica, ao amparo do artigo 24. 4, porque se procura paliar a problemática de acceso á vivenda, mediante a fixación dunha renda de equidade social para unidades de convivencia cuxos ingresos ponderados anuais non exceda do 2,5 IPREM (14 pagas).

III

Esta ordenanza fiscal contén 9 artigos e unha disposición final de entrada en vigor, que recollen o contido necesario (feito impositivo, suxeito pasivo, cota, período impositivo e pagamento) e o facultativo (normas de xestión) que, para as ordenanzas fiscais de tributos voluntarios municipais, dispón o artigo 16.1 do citado texto refundido da Lei de Facendas Locais.

Artigo 1. Fundamento legal.

O Concello de Rianxo, de acordo con o art. 106.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e facendo uso da facultade prevista no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais, establece unha taxa pola utilización privativa das vivendas de titularidade municipal que se destinen a ocupación temporal.

Artigo 2. Feito impositivo.

O feito impositivo constitúeo o uso, durante o tempo que determine o acordo municipal que

autorice a cesión das vivendas propiedade do Concello, prórrogas incluídas.

Artigo 3. Suxeitos pasivos e responsables.

3.1. Será suxeito pasivo da taxa quen resulte adxudicatario da vivenda de titularidade municipal e subscriba o documento administrativo de formalización da cesión que determinan os artigos 2.2 e 10.5 da ORDENANZA REGULADORA DOUS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DÁS VIVENDAS DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO Concello de Rianxo.

3.2. En caso de subrogación, previsto no artigo 8 da devandita Ordenanza, a persoa subrogada pasa a ser suxeito pasivo, nas mesmas condicións que o adxudicatario inicial.

3.3. Serán responsables solidarios da débeda tributaria que corresponda satisfacer ao suxeito pasivo todas as persoas que formen parte da unidade de convivencia que disfrute da vivenda.

Artigo 4. Período impositivo e pagamento.

O período impositivo coincidirá co mes natural, salvo en caso de comezo da ocupación, que comprenderá os días que resten desde a formalización da cesión, ata o final devandito mes natural. Nos casos de cesamento o período impositivo comprenderá os días transcorridos desde o inicio do mes natural de cesamento ata cesamento efectivo de ocupación da vivenda.

A taxa devindicarase a un de xaneiro. No exercicio en que se inicie a ocupación, a taxa devindicarase o día de formalización do documento administrativo de cesión.

Artigo 5. Cota

A cota tributaria a satisfacer polos suxeitos pasivos DEPENDERÁ DA RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE DE CONVIVENCIA:

RPC	Contía alugueiro
Entre 2,5 e 2 IPREM	25% da RPC
Entre 2 e 1,5 IPREM	22,00% da RPC
Entre 1,5 e 1 IPREM	20,00% da RPC
Inferior a 1 IPREM	18,00% da RPC

Sendo IPREM o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples vixente no momento de adxudicación da cesión.

Sendo RPC, a renda per cápita da unidade de convivencia.

De existir unha variación do devandito indicador entre o momento de inicio do expediente de licitación e o de adxudicación, tomarase este último.

2. A cota se rateará por días naturais no mes de comezo da ocupación temporal e no de finalización, considerando primeiro día do período impositivo aquel que figure no documento administrativo de formalización da adxudicación.

3. A cota mensual do acordo de adxudicación manterase durante a duración inicial de dous anos, sendo actualizada con motivo da prórroga que, no seu caso, se acorde.

Artigo 6. Réxime de ingreso.

O pago abonarase entre os 10 primeiros días de cada mes, mediante domiciliación bancaria, na conta do suxeito pasivo que indique para o efecto, salvo a taxa que corresponda ao mes de comezo, cuxo importe ingresarase a través de carta de pago dentro dos 10 días naturais posteriores á formalización da cesión.

Artigo 7. Responsabilidade por danos e obrigaón de fianza.

1. A persoa adxudicataria ou cesionaria, e solidariamente todas as que formen parte da unidade de convivencia beneficiaria, responderán dos danos que se ocasionen na vivenda e no seu equipamento, mobiliario e aveños.

2. Con carácter previo á subscripción do documento de formalización da cesión, depositarase na Tesourería municipal fianza en metálico por importe dunha mensualidade da taxa.

A fianza devolverase ao vencemento da cesión, previa recepción da vivenda, equipamento, mobiliario e aveños de conformidade, por entregarse sen danos ou ser reparados, e por non existir débedas tributarias pendentes de pago.

Artigo 8. Normas de xestión, liquidación e recadación.

1. Na notificación do acordo á persoa adxudicataria consignarase o importe da fianza para depositar na tesourería municipal, así como a forma de facer efectiva esta, sen cuxo depósito non se formalizará o documento administrativo de adxudicación.

Así mesmo, tanto no acordo de cesión como no documento de formalización figurará o importe mensual da taxa, así como a forma e prazo de ingreso da taxa.

2. A área de Servizos Sociais, confeccionará o padrón mensual, no que se incluírá a persoa adxudicataria ou persoa subrogada, de ser o caso, a identificación da vivenda adxudicada, rango de tarifa aplicado en función de IPREM e a cota mensual. Devandito padrón deberá ser obxecto de exposición pública.

3. Publicado o padrón mensual, formarase a remesa mensual de domiciliacións, quedando a cargo da Tesourería municipal para a súa recadación.

4. Sen prexuízo do que estableza a ordenanza reguladora, en caso de falta de pagamento dentro do período voluntario de ingreso, comezará o período executivo e a taxa será esixible a través do procedemento de présa.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

O réxime de infraccións e sancións tributarias será o establecido na Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada

integramente no Boletín oficial da Provincia da Coruña, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO

Someter dita ordenanza a información pública durante 30 días hábiles, mediante anuncio que se insertará no taboleiro de edictos municipal e publicarase nun dos diarios de maior tirada da provincia, que computará desde o día seguinte ao de publicación de anuncio no el Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO

De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a proposta considerárase definitivamente aprobada.

CUARTO

O acordo de aprobación definitiva da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do Boletín Oficial da provincia.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 28/10/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

6 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2024 ata o 30/09/2024, que comprenden os números 791/2024 ao 887/2024, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

Acta N° 16 da Sesión extraordinaria urxente do día 02/09/2024

Acta N°17 da Sesión extraordinaria do día 13/09/2024

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

7 DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Dáse conta da proposta presentada:

O vindeiro 25 de novembro conmemórase, unha vez máis, o *Día Internacional pola Eliminación da Violencia Contra as Mulleres*. A día 21 de outubro de 2024, consideramos que é necesario recordar, con afecto e respecto, a cada unha das mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas que, segundo os datos oficiais publicados pola Secretaría de Estado de Igualdade e Contra a Violencia de Xénero, ascende a 38 mulleres en 2024 e a 1282 mulleres desde o 2003, ano no que se comezaron a recopilar estes datos. Tampouco debemos esquecer que no que vai de ano son 26 os menores que quedaron orfos por violencia de xénero en España, sumando un total de 459 menores desde o ano 2013.

